# OS COTOS

NOVEMBRO
2026



## MES DE NOVEMBRO

## MES DE FOTOS E LEMBRANZAS



*Xa estamos no mes de novembro e queremos celebrar a fe na lembranza dos seres queridos que nos foron precedendo no camiño da vida.*

*Dende esta páxina, queremos unha vez máis, recordar e agradecer a todas esas vidas que botamos de menos.*

*As súas palabras e os seus feitos valéronnos e válennos a pena, non foron de balde.*

*Aínda que deixa dor a realidade da morte, nós queremos compartir a ESPERANZA DA RESURRECCIÓN.*

**********

**ATENCIÓN DE CÁRITAS:**

Dende cáritas de Os Cotos,
se podemos, axudamos
a quen nos pida unha man.
Estamos no local da casa
reitoral de Fornelos
o xoves día 12 e 26
de dez a doce da mañá.

Cáritas

249 Folla informativa para a comunidade cristiá

## "Un contiño para vivir"

### *O Samaín*

O vello Uxío tiña unha horta famosa polas súas descomunais cabazas. Esa tarde do 31 de outubro, xunto coa súa neta Sabela, escolleu a máis fermosa de todas. Cun coitelo afiado e moita paciencia, baleiraron o seu interior e talláronlle unha cara con ollos grandes e un sorriso de dentes afiados.


— ¿Para que lle facemos esa cara tan fea, avó? —preguntou Sabela, recollendo as sementes.

— Para asustar aos espíritos burlóns e ás ánimas perdidas que vagan na escuridade, nena —respondeu Uxío cun sorriso—. E dentro porémoslle unha candea. A súa luz guiará aos nosos antepasados de volta ao fogar.


Cando o sol se ocultou tras as montañas e a escuridade do inverno comezou a dominar o val, colocaron a cabaza iluminada na fiestra da entrada. Pouco despois, o vento comezou a soprar con forza, traendo un eco de follas secas e un murmurio semellante a un suspiro colectivo.

Sabela, asomada aos vidros, veu unhas sombras borrosas camiñando polo carreiro do xardín. Eran as almas que volvían ao calor do pobo. Ao chegaren á altura da fiestra, miraron fixamente os ollos acesos da cabaza. As ánimas escuras fuxiron asustadas cara ao bosque, mentres que as sombras máis amables e familiares sorriron e seguiron o camiño de luz cara a lareira, onde as castañas asadas xa estalaban no lume.

Desde aquela noite, Sabela aprendeu que o Samaín non era unha noite para ter medo, senón para celebrar a memoria, respectar os que xa non están e protexer o fogar coa vella maxia da luz e da terra.



**Conta as pezas de outono**



## O SANTO PARA NOVEMBRO

## o día 10 León

Este nome é de orixe latina e significa "león, home valente".

Ademais do actual papa, hai trece papas máis con este nome.

San León I, o Magno, no século V salvou Roma dúas veces. Considérase doutor da igrexa por condenar a herexía nestoriana.

San León II, no século VII, puxo fin ao Simón foi o nome do primeiro Papa San Pedro. Simón foi ao cisma de Rabena.

San León III, nos séculos VII-VIII coroou ao emperador Carlomagno.

León XIII no ano 1891 publicou a encíclica "Rerum Novarum", na que se expón por primeira vez a doutrina social da igrexa, nela condénase a loita de clases esixindo xustiza para os obreiros.

## CONSELLO



"Nada se esquece máis amodo
que unha ofensa;
e nada máis rápido
que un favor"

Martín Luther King

# *COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"*



## 26 de novembro
## DÍA DE ACCIÓN DE GRAZAS





É unha celebración de orixe cristián e coñecida en todo o mundo. Celébrase anualmente en Estados Unidos e Canadá para agradecer as bendicións recibidas durante todo o ano, reunindo as familias e preparando unha abundante cea con o pavo como protagonista e prato principal.

É unha data variable, xa que se celebra o cuarto xoves de novembro en Estados Unidos.

De acordo cos datos históricos tivo a súa orixe en Plymount (actual estado de Massachusetts) agradecendo os colonos aos nativos da tribu Wampanoag, por ensinarlles técnicas de cultivo de millo, caza e pesca. Permitiu a prosperidade da comunidade colona tras unha época de fame e enfermidades.

En Estados Unidos anualmente o presidente celebra o ***"Indulto do Pavo",*** se perdoa a vida a un pavo. Empezouse no ano 1963 co presidente John F.Kennedy.



Realízase tamén un desfile polas rúas de Manhattan dende 1927, con globos xigantes, bailes e actuacións de artistas musicais.




Unha película que fai referencia ao Día de Acción de Grazas é "Un Soño posible" de John Lee Hancok (2009).



## LEÓN XIV "Xuventude e compromiso"

"Xesús non desexa que sexan "Xóvenes de sofá", adormecidos ou instalados na comodidade do "sempre se fixo así".

"A igrexa require da súa rebeldía, da súa enerxía pura e dos seus desexos de transformar as realidades de dor nos lugares de esperanza".

## LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE NOVEMBRO

| | | | |
|---|---|---|---|
| DÍA 1 | **LECTURA** | 1 Tes 2, 7b-9. 13 | A Palabra de Deus actúa en vós, os crentes |
| | **EVANXEO** | Mt 23, 1-12 | Todos vós sodes irmáns, e Cristo o que vos guía |
| DÍA 8 | **LECTURA** | 1 Tes 4, 13-14 | Deus, por Cristo, acolle aos que xa morreron |
| | **EVANXEO** | Mt 25, 1-13 | Estade preparados para o encontro con Deus |
| DÍA 15 | **LECTURA** | 1 Tes 5, 1-6 | Esteamos vixiantes porque o Señor chegará |
| | **EVANXEO** | Mt 25, 14-30 | O Señor pousa en nós talentos para darmos froito |
| DÍA 22 | **LECTURA** | 1 Cor 15, 20-28 | Cristo reina sendo todo en todo |
| | **EVANXEO** | Mt 25, 31-46 | Canto fixestes cos pequenos fixéstelo comigo |
| DÍA 29 | **LECTURA** | 1 Cor 1, 3-9 | Agardamos a manifestación do noso Señor, Cristo |
| | **EVANXEO** | Mc 13, 33-37 | Vixiade, estade en vela porque o Señor chegará |